

**CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PARA ADQUISICIÓN DE 8**  
**VEHÍCULOS DE CATRO RODAS TIPO MONOVOLUME PARA O CORPO DA**  
**POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**(FEBREIRO-2014)**

**TIPO DE VEHÍCULO**

Vehículo de catro rodas tipo monovolume de cinco prazas. Os vehículos terán unha lonxitude mínima de 4,25 m., altura mínima 1,55 m. e ancho mínimo de 1,75 m. e ademáis unha distancia de máis de 30 cm. entre a parte dianteira do asento dianteiro dereito e o salpicadeiro unha vez instalada a mampara de separación.

**MOTOR**

Diesel. Cilindrada mínima 1.900 c.c.

**SISTEMA ELÉCTRICO**

Batería de 12 V. con intensidade suficiente para subministrar a potencia requerida por tódolos dispositivos eléctricos instalados no vehículo funcionando de xeito simultáneo. Alternador con potencia e intensidade suficiente para alimentar os dispositivos eléctricos e a batería.

Toma de 8 fusibles de 15 Ah. en regleta extra para instalación dos equipos auxiliares do vehículo.

**EQUIPAMENTO**

Cambio automático

Dirección asistida.

ABS.

Control de estabilidade.

Sistema de airbag frontal, como mínimo, para condutor e acompañante.

Climatizador.

Luz de lectura.

Faros antinéboa.

Pechadura centralizada. A apertura e peche das portas traseiras será accionada dende o habitáculo dianteiro e será independente das portas dianteiras.

Levaluas eléctricos ós catro portelos cos mandos de accionamento na parte dianteira do habitáculo, quedando condenados os traseiros.

Alfombras de goma grande resistencia.

Cadeas para a neve.

Instrumento de rescate persoal para emerxencias automobilísticas que conste de: corta cintos de seguridade e quebra portelos laterais e traseiros.

Extintor de pó ABC de 6 Kg., con soporte instalado no maletreiro.

Mampara de policarbonato transparente con barra tubular de reforzo como separación entre asentos dianteiros e traseiros.

Dúas lanternas con soporte cargador a 12 V.  
Asentos traseiros en fibra "KIT DETIDOS". Disporán de cintos de seguridade nas prazas próximas ás portas con tres puntos de anclaxe. A apertura do cinto non será posible coas portas pechadas. Disporá asimismo dun sistema de bloqueo dos cintos que impida a súa extensión mandado dende o habitáculo dianteiro.  
Soportes de defensas policía en habitáculo dianteiro.  
Botiquín de primeiros auxilios.  
Dous triángulos de presinalización de avería homologados.  
Roda de reposto das mesmas características que as que equipe o vehículo.

#### **ASENTOS DIANTEIROS**

Os asentos dianteiros deberán ser os orixinais que equipe o vehículo, se ben levarán instalada unha funda ou reforzamento lateral de material resistente aos rozamentos dos elementos de dotación policial. Estará preparada para permitir o funcionamento dos airbag dos asentos, solidaria cos mesmos.

#### **PROTECCIÓN BALÍSTICA**

As áreas de blindaxe comprenderán a protección das zonas opacas das portas dianteiras e terán un nivel de protección contra agresións balísticas BR-4, segundo NORMA UNE 108132:2002

As áreas de blindaxe irán recubertas dun material (chapa de aceiro, fibra ou outro composto) en espesor e calidades adecuados á norma.

Os materiais utilizados deberán estar tratados ou protexidos convintemente contra agresións de axentes corrosivos ou da humidade, para evitar a eventual degradación das súas propiedades.

As características que deberá reunir a instalación do blindaxe serán as seguintes:

O material de blindaxe acoplarase de tal xeito que, quedando convintemente fixado, poida ser fácilmente desmontado no caso de reparación do vehículo. Evitarase a produción de ruídos coas vibracións do vehículo así coma ao abrir ou pechar ás portas.

A blindaxe será deseñada dun xeito que constitúa un número reducido de pezas.

Non dificultará o correcto funcionamento dos sistemas de apertura e peche das portas, dos mecanismos levalúas, do espello retrovisor ou de calquera outro dispositivo que monte nas dúas portas laterais dianteiras o fabricante do vehículo nos modelos de serie.

Tenderase a que o peso de cada porta unha vez blindada sexa o menor posible.

Reforzarase, si é necesario, o sistema de anclaxe das portas dianteiras dos vehículos para evitar que o peso adicional do material de blindaxe poida causar desaxustes nas mesmas.

No canto de cada porta recuberta con material antibala se engadirá un anagrama que indique de xeito visible a condición de porta blindada aos funcionarios que utilicen os vehículos.

#### **PROTECCIÓN E TRANSMISIÓN LÚMINICA DAS LÚAS**

Tódalas lúas do vehículo (agás o parabrisas) deberán levar adheridas unha lámina de seguridade debidamente homologada e marcada das seguintes características:

**Lúas laterais dianteiras:** lámina de seguridade incolora cun grado de protección A-1 segundo norma DIN 52290.

**Lúas laterais traseiras:** lámina de seguridade de cor "aceiro medio" DIN 52290. Dita lámina tintada deberá garantir un nivel de transmisión lumínica dun 35 %.

**Lúa traseira:** terá as mesmas características, cor e transmisión lumínica que a lúa lateral traseira, agás o grosor, que se poderá reducir, na medida necesaria, para garantir a súa adecuada instalación en razón da curvatura que posúa a lúa do vehículo no que haxa que ser instalada, en todo caso, dito grosor no será nunca inferior a 50 micras.

#### **PINTURA E ROTULACIÓN**

A pintura e rotulación dos vehículos será segundo a normativa vixente da Xunta de Galicia (*Orde do 29 de decembro de 2010 polo que se establecen os elementos de configuración externa e deseño para a marcación e rotulación dos vehículos a disposición das policías locais e vixilantes municipais*) e en canto á identificación do vehículo (escudo municipal e numeración da unidade policial) estarase ao disposto pola Xefatura da Policía Local do Concello de Santiago.

#### **SINALIZACIÓN**


A sinalización dos vehículos será segundo a normativa vixente da Xunta de Galicia (*Orde do 29 de decembro de 2010 polo que se establecen os elementos de configuración externa e deseño para a marcación e rotulación dos vehículos a disposición das policías locais e vixilantes municipais*), debendo adaptarse ademais ás condicións do anexo de ALUMEADO E SINAIS ACÚSTICOS DE EMERXENCIA.

#### **EQUIPOS DE TRANSMISIÓN E ANTENAS**

O vehículo virá dotado de emisora de comunicacións compatible co sistema de comunicacións da Policía Local do Concello de Santiago.


#### **DOCUMENTACIÓN**

Gastos de matriculación, IVE e transporte engadidos.  
Tarxeta de características técnicas selada pola ITV autorizando a instalación dos sistemas ópticos e acústicos de emerxencia así coma calquer outra instalación ou modificación que se realice no vehículo.




**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**POLICÍA LOCAL**



Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015  
O inspector principal refe accidental da Policía Local

*[Handwritten signature]*  
/ José Manuel Trabasso



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**Parque Móbil**

## **ALUMEADO E SINAIS ACÚSTICOS DE EMERXENCIA**

### **ALUMEADO DE EMERXENCIA**

Ponte de sinalización luminosa de leds de baixo perfil e cartel de mensaxes abatible, coa seguinte configuración:

- As luces prioritarias estarán formadas por 20 módulos de 3 leds de última xeración con reflector parabólico sobre circuíto impreso e microprocesador integrado, luz azul.
- Catro módulos laterais, de 3 leds de última xeración con reflector parabólico sobre circuíto impreso e microprocesador integrado, luz branca.
- Dous módulos frontais de seis leds cada un, luz vermella, función luz de pare.
- Conector rápido a teito.
- Dous módulos frontais de seis leds cada un, luz branca.
- Cartel abatible con sinalización posterior de 10 caracteres, luz vermella, dun mínimo de 150 mensaxes programables polo usuario con posibilidade de vista normal, espello *scrolling* e barra direccional incorporada.
- Na parte traseira da ponte, de maneira visible e centrado con esta, colocarse un cartel dun material apropiado tipo vinilo ou outro similar, coa lenda "Policía Local"

A subministración da ponte incorporará un programa para ordenador para a edición e descarga dos mensaxes.

Fixación ao vehículo.

Teclado de control coas seguintes características:

- Tecnoloxía CAN BUS, con *display* gráfico para a visualización das mensaxes do cartel e das mensaxes de voz.
- Control e volume para megafonía e sintetizador.
- Reprodución de mensaxes de voz.
- Función de megafonía retardada
- Control da barra direccional.
- Conexión USB para carga de mensaxes de voz e texto polo usuario.
- Teclado para control de *kit* de detidos (excepto no vehículo todo-terreo)

A ponte deberá estar certificada para circular co vehículo polo menos a unha velocidade de 120 km/h, tanto en modo funcionamento cartel aberto como cerrado.

- Amplificador sirenas de 100 W, con megafonía tecnoloxía CAN BUS
- Altofalante de 100 W, instalado no habitáculo motor.